

TARABELA

CURSO 2025-2026




**Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega**


**C.P.I.
PLURILINGÜE
JOSÉ GARCÍA GARCÍA
MENÉNDEZ
OURENSE**

ÍNDICE

Páxinas

Limiar Tarabela número 15	3
1.Educación Infantil	5
2.Momentos compartidos en 1º EP	6
3.De festa en festa en 2ºEP	8
4. Concertos didácticos de piano	9
5. A maxia do Samaín	11
6. Educación deportiva para a vida	18
7.Entroido	20
8. Plantando árbores con pinceis	22
9. Picasso protagonista	26
10. Contos	27
11. En 6º de EP crean unha empresa	30
12.Excursión a Vigo	33
13. Polos creativos	37
14. Saídas escolares ESO	38
15. Laboratorio vivo e outras actividades.....	39
16. Concurso "Natureza polo miúdo"	41
17. Somos Tech	42
18. Comezan nova etapa!!!	43

LIMIAR

Alumnas e alumnos, familias e membros da comunidade educativa:

Con gran satisfacción presentamos esta nova edición da revista do noso centro educativo, unha publicación que se consolida ano tras ano como un espazo de expresión, participación e encontro para toda a comunidade escolar.

Desde a Dirección, queremos poñer en valor o excelente traballo realizado polo alumnado, que é o verdadeiro protagonista desta revista, así como o labor do profesorado que, coa súa orientación e apoio constante, fai posible que iniciativas coma esta saian adiante. A dedicación, o esforzo e o entusiasmo amosados ao longo do proceso de elaboración son motivo de recoñecemento e orgullo para todo o centro.

Esta revista recolle unha mostra significativa das actividades, proxectos, experiencias e iniciativas desenvolvidas durante o curso. Nela reflíctese non só o traballo académico, senón tamén a vida diaria do colexio, a convivencia, a participación en actividades complementarias e extraescolares, así como os valores que sustentan o noso proxecto educativo.





Cómpre salientar tamén a importancia deste tipo de publicacións como ferramenta pedagóxica, xa que fomentan a creatividade, a expresión escrita, o traballo en equipo e o sentido de pertenza á comunidade educativa. Ao mesmo tempo, permiten dar visibilidade ao que acontece nas aulas e compartir coas familias e co contorno próximo o esforzo e os logros do noso alumnado.

Agradecemos de maneira especial a colaboración de todas as persoas que fixeron posible esta edición: alumnado, profesorado, persoal do centro e familias, cuxa implicación resulta fundamental para o bo funcionamento da vida escolar.

Confiamos en que esta revista sexa do voso interese e que a súa lectura resulte enriquecedora, inspiradora e agradable para toda a comunidade educativa.





LEVÁNTATE MAIO QUE TANTO DURMICHES....



COMO MOLAN AS EXPERIMENTACIÓNS!

MOMENTOS COMPARTIDOS!!!

1º EP







**EXPERIENCIAS, FESTAS... E
MOITA DIVERSIÓN!!!**

CONCERTOS DIDÁCTICOS DE PIANO

O alumnado de 3º e 4º de Educación Primaria participou nesta actividade do Concello coa pianista María Mendoza.





SAMAÍN 2025

O mércores 29 de outubro disfrutamos, trememos de medo... cos contos terroríficos dos papás e mamás de Mende !!!







Alumnado de PDC sorprendeu o resto do alumnado do centro coa escenificación da cea de ánimas !!!





**GRAZAS A TODAS AS FAMILIAS POR PARTICIPAR COAS VOSAS
ATERRADORAS CREACIÓNS NA DECORACIÓN DO COLE !!!**



CONTACTOS
EVA TATO
30.10.2025





A pitonisa Lola visita o noso cole!!!



EDUCACIÓN DEPORTIVA PARA A VIDA

O alumnado de 1º e 3º de Educación Primaria participou nesta actividade do Concello tan divertida. Fixeron varios xogos e pasárono moi ben!





ENTROIDO

No Entroido todo o alumnado de Educación Infantil e Primaria converteuse en personaxes de contos.






PLANTANDO ÁRBORES CON PINCEIS

Nesta actividade participou o alumnado de Educación Primaria e 4º de ESO a través da realización dun mural artístico e dous obradoiros: un de estampaxe de plantillas e, outro, de pintado de bolsas de tea.









VIÑETAS NO COMIC

PICASSO



DORA e O SEU IRMÁN DE SAPARECIDO.

Había unha vez, fai trinta anos, unha selva cun ambiente perigoso. A noite era tan escura que parecía que o ceo se apagaba. Uns meses atrás de que nacera Nora Rodríguez, unha nena que vivía cos seus pais e co seu can Yeye, unha parella encontrou un bebé nunha árbore. Eran os pais de Dora que decidiron levalo a un centro adoptivo porque non podían coidar dous bebés.

Oito anos máis tarde, contáronllo a Dora. Esta enfadouse moitísimo, foi directa á súa habitación e pegou o portazo máis forte da súa vida. Dora estaba triste e enfadada cos seus pais e pensou no que tería pasado se coñecese a ese bebé. Pensou durante moito tempo ata que tivo unha idea, buscar ao bebé no centro adoptivo. Cando estaba a punto de irse, deuse conta de que necesitaba provisións e tamén, de que o bebé xa era maior coma ela. Sen embargo, non lle importou, foi camiño do centro adoptivo.

Cando chegou, decidiu preguntarlle á xefa se había un neno de oito anos que chegou cando era un recién nacido. Esta díxolle que non, que se escapara do centro había uns dous anos. Dora comezou a busca do seu irmán adoptivo pero non sabía por onde empezar. Yeye e Dora camiñaron e, nun instante, Dora tropezou cunha caixiña que estaba tirada no medio do bosque, pero... non era unha caixa calquera! Dentro había un mapa máxico! Este guiábaos ata onde estaba o seu irmán, así que camiñaron seguindo as súas indicacións.

Entón, chegaron a unha cova onde había un neno comendo peixes crus. Dora preguntoulle se o seu nome era Maximiliano e o neno díxolle que si. Púxose moi contenta e díxolle que fora con ela e cos seus pais a vivir. El díxolle que non, que quería quedar na selva co seus monos Botas e Jose.

A nena aceptou a decisión, pero como quería seguir en contacto co seu irmán, sacou da mochila uns walkie talkies e convidouno a facerlle unha visita.

Cando Dora chegou á casa e contou a aventura, os seus pais alegráronse moito por vela, mais puxéronse tristes e non podían crer cal fora o paradeiro do seu fillo Maximiliano.

Asasinato tras as costas

PÓDESE SOBREVIVIR NO BOSQUE DA MORTE? ÉRASE UNHA VEZ UN NENO QUE VIVÍA NUNHA ALDEA. O NENO CHAMÁBASE RUI, TIÑA DOCE ANOS E ERA MOI VALENTE. VIVÍA NUNHA GRANXA DE MADRID NA QUE HABÍA: UNHA CABRA GRACIOSA, UN PATO AMIGABLE, UN PORCO QUE SEMPRE ESTÁ DE MAL HUMOR E UN PAXARO CHISMOSO. UN DÍA RUI FOI AO BOSQUE DA MORTE, NEL HAI MOITAS ÁRBORES E UNHA CASIÑA. RUI FOI PASEAR OS ANIMAIS, PERO UN POUQUÍÑO DESPOIS O PORCO, O PAXARO E O PATO DESAPARECERON. O NENO, DESESPERADO, BUSCOU...BUSCOU... E BUSCOU... ONDE ESTÁ O PATO? PREGUNTOU. UN PEDAZO DESPOIS ESCOITOU UN RÚIDO: OICKN-OICKN-OICKN, PIO-PIO. O NENO SIGUEU O RÚIDO E ATOPOU AOS ANIMAIS. PERO...SORPRESA! O PATO NON ESTABA! ENTÓN O NENO VOLVEU COS ANIMAIS E COMEZOU A INVESTIGAR.

AO CHEGAR Á CASA ESTIVO INTERROGANDO AOS ANIMAIS E CANDO REVISOU DEUSE CONTA DE QUE O PORCO ESTABA MOLLADO. RUI VOLVEU AO LADO DO BOSQUE OUTRA VEZ E HABÍA ALGO... O PATO ESTABA ALÍ QUEIMADO! RUI COMEZOU A CHORAR.

A CABRA CONSTRUIU UNHA MÁQUINA SOSPEITOSA, PERO O PORCO FOINA ROUBAR. O NENO E OS ANIMAIS EMPEZARON A PERSEGUILO. PRIMEIRO, METÉRONSE NA BASE DO PORCO, PERO PARA SUBIR A ONDE ESTABA TIÑAN QUE FACER PARKOUR. RUI..... CASI SE CAE! A CABRA COLLEUNO COS SEUS CORNOS, SUBEUNO Á PLATAFORMA E ASÍ, CHEGARON ARIIBA DE TODO. EMPEZOU UNHA INCREÍBLE PELEXA CON ARMAS E O PORCO PÚXOSE ENRIBA DO NENO CUNHA ARMA NA MAN. A CABRA EMPUXOU AO PORCO E O PORCO CAEU. O NENO DEULLE UN GOLPE QUE O DEIXOU DURMIDO PARA SEMPRE. RUI E OS OUTROS ANIMAIS QUEDARON TRANQUILOS PERO NUNCA CONHECEREMOS QUEEN COMETEU O ASASINATO DO PATO.

UN CONTO DE ADRIÁN BLANCO, PABLO DOS SANTOS, JULIA
TEODORO E ESTELA VÁZQUEZ



O LIBRO TRAGA ALMAS

Todos temos moitos libros, que farías se algún día tiveras un libro máxico? Pois iso lle pasou a Paquito. Era un neno alto e delgadiño e tiña once anos. Os seus dous mellores amigos eran Albertito e Filomenito. Albertito era un neno baixo e gordiño e tiña once anos. Filomenito era un neno de altura mediana, delgadiño e da mesma idade. Os tres mellores amigos quedaron nun pobo lonxano de Arxentina. Un día despois de acabar o colexio, Paquito tiña unha decepción polas súas notas. Foi á súa casa chorando e colleu un libro para intentar evadir os seus problemas, pero o que non sabía era que ese libro estaba endemoniado.

Estivo lendo día e noite, pero á mañá seguinte, ao entrar na habitación, a nai de Paquito deuse conta de que non estaba alí e que a ventá estaba rota. A muller estaba súper preocupada así que chamou á policía. Filomenito e Albertito, como todas as mañás, foron á súa casa buscalo para ir ao colexio e viron a nai de Paquito chorando. Preguntáronlle que lle pasaba e ela contoulles todo o sucedido. A policía, a súa nai, Albertito e Filomenito, moi preocupados, fórono buscar ao bosque. Polo camiño escoitaron moitos ruidos, así que, para encontralo máis rápido, separáronse en dous grupos. A nai e a policía nun grupo e Albertito e Filomenito noutro. Albertito e Filomenito adentráronse máis no bosque, onde encontraron un libro como o que tiña Paquito na súa casa. Camiñaron un pouco máis e encontraron a Paquito poseído no bosque lendo o libro. Albertito e Filomenito chamárono dúas ou tres veces e, ao ver que non contestaba, acercáronse. Albertito tocoulle o ombreiro, Paquito levantouse e empezou a perseguilos. Despois de correr con todas as súas forzas, ao ver que xa non os perseguía Paquito, tranquilizáronse. Cando estaban por irse do bosque, chocaron coa súa nai e a policía. Estes vironos lendo o conto, pero xa estaban endemoniados. Alí empezou outra persecución.

Filomenito e Albertito, con moito medo, empezaron a correr desesperados ata a cidade para pedir consellos que salvaran a todos da maldición. Primeiro entraron á farmacia e o farmacéutico dixolles: levade este xarabe máxico para salvaros da maldición. Despois entraron a un colexio e un alumno dixolles: que escriban un novo conxuro no encerado; e logo, entraron a unha pizzeria e o pizzeiro dixolles: teñen que comer sesenta e sete cachos de pizza cos seguintes ingredientes: un ollo de sapo, unha pata de araña, unha cabeza de crocodilo e, por último, un órgano de cucaracha.

Fixéronlle caso ao pizzeiro, así que foron á casa de Filomenito e empezaron a facer a pizza. Cando xa estaba listo puxérona nun bote e foron ao bosque para darlles as porcións. Estivéronos buscando e cando os encontraron preparáronse para o que estaba a punto de suceder. Déronlles a pizza a Paquito, á nai e á policía e comezaron a retorcerse polo chan. Albertito e Filomenito asustados empezaron a chorar, sentíanse asustados e non sabían que facer nin a onde ir. Foron rápido a esconderse e... a historia deu a volta. A nai, a policía e Paquito empezaron a buscalos, sen embargo, nunca souperon máis deles. E ti... sabes onde se agocharon?




O alumnado de 6º E.P e a súa empresa
L.N.E S.L





Unha boa forma de
recadar cartos para a
excursión.





Os nosos inversores
teñen que estar ben
CONTENTOS.



EXCURSIÓN A VIGO

O 5 de xuño fomos de excursión de fin de curso a Vigo todos os nenos e as nenas de Educación Infantil e Educación Primaria.

Pola mañá, algúns visitamos o Centro Arqueolóxico da Vila Romana de Toralla e o Estadio Balaídos.







Pola tarde, os máis pequenos fomos á Granxa Escola O Hórreo en Gondomar.






POLOS CREATIVOS

Proxecto identidade visual

EXPRESIÓN ARTÍSTICA 4º ESO.

Este proxecto desenvolveuse arredor do deseño dunha identidade visual propia vinculada á excursión de fin de etapa. O alumnado de 4º da ESO traballou o proceso completo de creación dunha marca, desde a conceptualización e o deseño vectorial en Inkscape ata o deseño e elaboración de prototipos mediante impresión 3D, corte de vinilo e estampación de camisetas. O proxecto permitiu aplicar contidos de comunicación visual, deseño de produto e fabricación dixital nun contexto real e motivador.



Pequenos enxeñeiros Grandes robots

PROXECTO COMPETENCIAL. 4º Primaria. Nesta materia desenvolveuse un proxecto de robótica no que o alumnado deseñou, montou e programou tres robots empregando o sistema de construción Nezha. Organizados en equipos cooperativos, guiáronse por patróns dixitais nos portátiles para ensamblar pezas, conectar motores e sensores, e codificar as placas micro:bit por bloques. Esta experiencia competencial permitiulles iniciarse no pensamento computacional, combinando a enxeñaría coas tecnoloxías dixitais.



Reinventando un conto en Stop Motion

PROXECTO COMPETENCIAL. 1º ESO. Nesta materia desenvolveuse un proxecto de animación Stop Motion, no que o alumnado actualizou o conto clásico do "Patito Feo" adaptándoo á era das redes sociais. Organizados como unha produtora real, dividíronse en equipos para encargarse do guión, o deseño de personaxes con plastilina, a construción de decorados, a fotografía e a montaxe sonora. Esta experiencia competencial permitiulles descubrir a maxia do cine desde dentro, combinando a expresión artística coas tecnoloxías.



Unha viaxe virtual ao Mundo Clásico

CULTURA CLÁSICA. 4º ESO.

En Cultura Clásica desenvolveuse un innovador proxecto con lentes de realidade virtual Meta, no que o alumnado se converteu en guía turístico dunha axencia de viaxes históricas. Creando os seus propios itinerarios inmersivos por Grecia, Roma e as provincias romanas, combinaron a visita a espazos actuais con reconstrucións en 3D da Antigüidade. A experiencia completárase cunha saída ao castro de Santomé, permitindo relacionar o patrimonio virtual co legado romano da nosa contorna.



Saídas escolares

INNOVART Santiago de Compostela

EXPRESIÓN ARTÍSTICA E MÚSICA. 4.º ESO.

A participación do alumnado de 4.º de ESO na feira InnovArt, celebrada na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela, permitiu achegarse de maneira práctica á ampla oferta das ensinanzas artísticas, deportivas e de idiomas existentes en Galicia. Ao longo da visita, o alumnado participou en obradoiros, demostracións e actividades interactivas que favoreceron o coñecemento de diferentes itinerarios formativos e profesionais, promovendo a reflexión sobre o seu futuro académico e vocacional. A experiencia resultou moi enriquecedora e contribuíu ao desenvolvemento da creatividade, da orientación académica e do interese polas ensinanzas de réxime especial.



Exposición Picasso protagonista.

EDUCACIÓN PLÁSTICA, 1.º ESO.

O alumnado de 1.º de ESO visitou a exposición «Picasso protagonista» de Afundación en Ourense, onde puido descubrir a influencia do artista na creación contemporánea a través da banda deseñada e doutras expresións artísticas. A actividade completouse cun obradoiro de programación, no que o alumnado desenvolveu retos creativos inspirados na exposición, combinando a educación artística co pensamento computacional e o traballo colaborativo.



Bautismo náutico

EDUCACIÓN FÍSICA. 3.º ESO.

O alumnado de 3.º de ESO participou nunha xornada deportiva no encoro de Castelo de Miño, onde puido iniciarse na práctica de diferentes deportes náuticos como o caiax, o pádel surf, as pedaletas e o piragüismo dragón, favorecendo o traballo en equipo e a coordinación. A actividade completouse cun refrescante chapuzón ao remate da xornada, poñendo o broche final a unha experiencia que promoveu a convivencia, os hábitos de vida saudables e o respecto polo medio natural a través da práctica deportiva ao aire libre.

LABORATORIO VIVO

Como todos os cursos fixemos moitas actividades prácticas no laboratorio para afondar na materia de Bioloxía.

Aquí podemos ver unha pequena mostra das que houbo vagar de sacar fotografías, noutras precisamos poñer toda a concentración no traballo.



CROMATOGRAFÍA 1º ESO

Separamos os pigmentos vexetais de distintas especies.



DISECCIÓN 3º ESO

Ademais dos riles que podemos ver na fotografía tamén diseccionamos corazóns de porco, pero non tivemos vagar de facer fotos. Había que estar moi concentrados!



A IMPORTANCIA DE LAVAR AS MANS 1º ESO

Comprobamos que tocando coas mans sucias no pan ou nas mazás medran moito máis os mofos e bacterias.



O AMIDÓN NOS ALIMENTOS 3º ESO

Comprobamos que alimentos conteñen amidón de xeito natural e a cales se lles engade.



MITOSE EN RAÍZ DE CEBOLA 4º ESO

Fixemos a preparación para observar a mitose

OUTRAS ACTIVIDADES



CICLO DE VIDA DOS VERMES DE SEDA

Seguimos con moita atención as fases do ciclo destes animalíños e a súa estratexia para perpetuar a súa especie, *Bombyx mori*.



MARCAPÁXINAS NATURAIS-PROXECTO COMPETENCIAL 3º ESO

Tentamos atrapar a beleza dalgunhas flores silvestres.

HERBARIO DO BOSQUE DE RIBEIRA-PROXECTO COMPETENCIAL 3º ESO

Aquí vemos o inicio da montaxe da exposición-herbario do noso bosque de ribeira, que dividimos en árbores de 1º, 2º e 3º liña, ademais das invasoras que tristemente tanto abundan.



Ademais visitamos o castro de Santomé en colaboración co Departamento de Xeografía e Historia con 4º de ESO, disfrutamos dunha fantástica charla sobre apicultura con Fina, nai da nosa comunidade educativa coa que os rapaces de 1º de ESO aprenderon e desfrutaron un montón...e sobre todo, tratamos de aprender día a día.

NATUREZA POLO MIÚDO

CONCURSO DE FOTOGRAFÍA DE NATUREZA DEPARTAMENTOS DE BIOLOXÍA E DEBUXO

NO TABOLEIRO DO PRIMEIRO PISO PODEREDES
DISFRUTAR DE TODAS AS FOTOS FINALISTAS, PERO
NA REVISTA ADIANTÁMOSVOS UNHA MOSTRA.




SOMOS TECH

TECNOLOXÍA

A innovación tecnolóxica ocupa un lugar destacado nas aulas de Tecnoloxía.

2º ESO

En 2º da ESO, o alumnado estivo a traballar no desmontaxe e análise de ordenadores, transformando a aula nun pequeno taller informático. A través desta experiencia práctica, aprenden a identificar compoñentes, comprender o funcionamento básico do hardware e utilizar ferramentas de forma segura e responsable. Paralelamente, os estudantes desenvolven pequenos proxectos de electricidade e mecanismos, como xogos de pulso, ascensores ou coches eléctricos, nos que aplican coñecementos básicos de circuitos, motores e transmisión de movemento. Estas actividades permiten combinar o traballo manual coa resolución de problemas e o pensamento creativo.



4º ESO

En 4º da ESO, os estudantes están inmersos no deseño e programación dun garaxe automatizado mediante placas Arduino e simulacións dixitais con Tinkercad. O alumnado convértese nun pequeno equipo de enxeñaría, encargado tanto da programación como da construción física do proxecto. Ademais do desenvolvemento dos sistemas automáticos de apertura, iluminación e control mediante sensores, están a fabricar en madeira toda a estrutura do estacionamento, incluíndo barreiras, semáforos, pantallas informativas e sensores de praza libre/ocupada. O proxecto combina electrónica, programación, deseño virtual e traballo manipulativo, permitindo probar previamente os circuitos antes da súa montaxe física. Desta maneira, os estudantes adquiren competencias tecnolóxicas ao tempo que desenvolven habilidades de planificación, precisión, traballo en equipo e creatividade.



W

**Adeus mandilóns,
comezamos nova etapa !!!**



W

ORLA DE 6º DE EI

W



QUE BEN O PASAMOS NA EXCURSIÓN A VIGO!

GRADUACIÓN 6º E.P.



**REMATAMOS CON GRANDES
AVENTURAS XUNTOS**





ASÍ COMEZAMOS 6º E.P



Promoción 2026- 6º E.P

Hoxe pechamos un capítulo, para abrir outros novos cheo de soños por cumprir e novas aprendizaxes. Parabéns!



Ashly



Marco



Noemí



Martina



Elba



Hugo D.S



Hugo L.



Carla



Mateo



Gretta



Nico



Lorenzo



Nare



Antón



Eli



Candela



María



Anxo

Unha etapa que remata
un futuro que comeza

¡Graduámonos!

Chegamos ao final dunha etapa chea de aprendizaxes, esforzo, risas e moitos recordos compartidos.

O alumnado de 4º da ESO pecha unha porta neste centro, pero abre outras novas cheas de oportunidades e camiños por descubrir.

Marchan sabendo que deixan atrás unha comunidade que os viu medrar, e á vez levan consigo todo o vivido aquí: amizades, experiencias e valores que os acompañarán sempre.

Desexámosvos moita sorte nesta nova etapa que comeza. Este sempre será o voso instituto.



4º ESO A



4º ESO B




4º ESO PDC



Promoción de 4º de ESO do CPI José García García · 2026





**Que todos os días a nosa lingua
teña un oco, aínda que sexa
pequeno, na nosa fala.
Un pequeno xesto de gratitude
e admiración ós que tanto loitaron
por ela.**